

Setembro

Titiricleta

Anxo Moure (Carballo con botas)



Mércores 21. Biblioteca de Bertamiráns, ás 18.00 h
Xoves 22. Biblioteca do Milladoiro, ás 18.00 h

A TITIRICLETA do TITIRICLETEIRO chega á biblioteca, pilotada por un grupo de monicreques solidarios chegados de Bangladesh, a India, Guatemala... Levará as nenas e os nenos de viaxe a mundos fantásticos, na procura da paz.

A partir de 5 anos. Entrada libre e de balde.
+INFO: Biblioteca



A horta divertida



24 de setembro, 22 de outubro, 26 de novembro e 17 de decembro. Hortas urbanas de Bertamiráns.

Achegarémonos ao mundo da horta. Nas diferentes sesións mensuais, interactuaremos coa terra, coas plantas e cos seus bechos amigos, cos alimentos, coas flores e cos seus olores..., sempre seguindo o ciclo natural da horta e potenciando o gusto polo traballo en grupo. Fomentárase o coidado do medio e os hábitos nutricionais sans.

ACTIVIDADE DE PERIODICIDADE MENSUAL

De 3 a 6 anos. 20 prazas con inscrición previa.
+INFO: Aula da Natureza

Outubro

Contacontos na biblioteca

• **Cousas delas, cousas deles, cousas de todos.** Contos sobre a igualdade de xénero

Mércores 5. Biblioteca de Bertamiráns
Xoves 6. Biblioteca do Milladoiro

• **Iguais e diferentes**
Contos sobre o respecto á diversidade



Mércores 19. Biblioteca do Milladoiro
Xoves 20. Biblioteca de Bertamiráns

De 3 a 8 anos. Entrada libre e de balde.
Todos os contos comezan ás 18.00 h. +INFO: Biblioteca

O poder de Amabel (teatro)

Pérez&Fernández



Venres 7, ás 18.30 h
Casa da Cultura de Bertamiráns

Unha peza de teatro de monicreques e actores para público familiar. Todos os membros da familia de Amabel teñen superpoderes, pero Amabel aínda non sabe cal é a súa habilidade extraordinaria. Para descubri-lo, embarcarase en aventuras ben peculiares xunto co seu amigo Braulio.

A partir de 5 anos. Entradas: A billeteira
+INFO: Cultura

Con-tacto natural



Sábado 8, das 12.00 h ás 13.30 h
Parque do Ameneiral. Bertamiráns

Aos bebés encántalles estar ao aire libre, calquera elemento da natureza os asombra e lles serve para xogar. Estar desde cativos en contacto cos olores, texturas, cores e sons naturais achégalles unha harmonía coa natureza que os acompañará sempre. Nesta actividade sentirán o tacto da herba, da madeira, das pedras, da area, da auga... e descubrirán sons naturais e aromas de plantas, de flores, de terra...

Familias con nenos de 0 a 2 anos. 20 prazas con inscrición previa. +INFO: Aula da Natureza

Novembro

Contacontos na biblioteca

• **Cabemos tod@s.** Contos sobre a integración



Mércores 2. Biblioteca de Bertamiráns
Xoves 3. Biblioteca do Milladoiro

• **Nada é como parece.** Contos protagonizados por personaxes nada "típicos"



Mércores 16. Biblioteca do Milladoiro
Xoves 17. Biblioteca de Bertamiráns

De 3 a 8 anos. Entrada libre e de balde.
Todos os contos comezan ás 18.00 h. +INFO: Biblioteca

Rubicundo (teatro)

Teatro dos Ghazafellos



Venres 4, ás 18.30 h
Casa da Cultura do Milladoiro

Comedia dramática onde tres personaxes interactúan con obxectos e monicreques, bailan e cantan en directo. Unha fermosa historia sobre a amizade, a constancia e a poesía, coa posibilidade de perseguir os nosos soños sen sentir límites nin distancias.

A partir de 5 anos. Entradas: A billeteira
+INFO: Cultura

Os/as nenos/as e a lingua, unha oportunidade

Charla-obradoiro para nais e pais, con Manuel Núñez Singala, director do Servizo de Normalización Lingüística da USC e escritor.



Venres 18, ás 18.30 h
Casa da Cultura do Milladoiro

Como transmitirles a lingua aos bebés? Que falarlles? Por que? Como van falar?
Nesta charla obradoiro falarase sobre a oportunidade da transmisión da lingua.

Familias (nais e/ou pais con bebé ou agardando por el).
Inscrición previa no Servizo de Normalización Lingüística por teléfono ou por email desde o 8 de novembro.
+INFO: Normalización Lingüística


Espectáculo de maxia infantil



Venres 25, ás 18.30 h
Casa da Cultura de Bertamiráns

Ilusión e maxia para sorprender a xente máis miúda da casa dentro do Festival de Maxia de Ames.

Entradas: A billeteira
+INFO: Cultura



Coñece máis sobre o programa Apego no web www.apego.gal ou na páxina de facebook Apego.gal



Se estades a agardar un bebé..., parabéns!, podedes achegarvos polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ames para inscribivros no proxecto Apego e recibirdes os agasallos de benvida! :-)

Se tedes fillas ou fillos de ata 6 anos tamén podedes dirixirvos ao Servizo de Normalización Lingüística para inscribivros no programa Apego e así recibirdes información sobre todas as actividades e recursos.

+info:

Servizo de Normalización Lingüística
Concello de Ames
Pazo da Peregrina (Bertamiráns)
662 377 215
normalizacion@concellodeames.gal
www.concellodeames.gal



www.apego.gal

Novembro

Decembro

Contacontos na biblioteca

• Princesas, cabaleiros e familias sorprendentes
Contos que rompen os estereotipos de xénero



Mércores 30. Biblioteca de Bertamiráns
Xoves 1. Biblioteca do Milladoiro

• Trompas, raias e bocexos que cambiaron historias. Contos sobre o respecto ás diferenzas

Mércores 14. Biblioteca do Milladoiro
Xoves 15. Biblioteca de Bertamiráns

De 3 a 8 anos. Entrada libre e de balde.
Todos os contos comezan ás 18.00 h. +INFO: Biblioteca

Carapuchiña vermella (musical)

EducaTeatro Producións



Luns 26, ás 17.00 h
Casa da Cultura do Milladoiro

Decembro

A historia de Carapuchiña narrada por Prácido, un escritor de contos que traballará arreo para escribir o conto máis bonito do mundo: Carapuchiña Vermella. Transmite aos cativos e cativas valores como a ecoloxía e a igualdade.

Entradas: A billeteira. +INFO: Cultura

Up 2 Down (con Pistacatro produtora de soños)

TrasPediante



Martes 27, ás 17.00 h
Casa da Cultura de Bertamiráns

Un espectáculo de danza-circo contemporáneo no que o humor e a danza interactúan cunha disciplina circense nova en Galicia, o funambulismo, e crean un universo singular.

Entradas: A billeteira. +INFO: Cultura

Invencción (concerto)

Odaiko



Mércores 28, ás 17.00 h
Casa da Cultura do Milladoiro

Proposta musical dirixida na que a complicidade co público será a ferramenta para gozar dunha maxistral clase de enxeño. Odaiko amósanos aparellos súper innovadores e virtuosas composicións que xunto coa sorprendente posta en escena e o humor retranqueiro farán deste un divertido espectáculo.

Entradas: A billeteira. +INFO: Cultura

O bigote de Mimi (concerto)

Luis Vallecillo e a Banda do Cuberto



Xoves 29, ás 17.00 h
Casa da Cultura de Bertamiráns

Músicos e monicreques únense para amosarnos a historia de Mimi, un gato que sofre as consecuencias dunha pésima decisión.


Entradas: A billeteira. +INFO: Cultura

INFORMACIÓN ACTIVIDADES

Concello de Ames. Praza do Concello 2. T: 981 883 002
Cultura (Casa da Cultura do Milladoiro). cultura.milladoiro@concellodeames.gal T: 981 535 940
Biblioteca. biblioteca@concellodeames.gal T: 981 530 807 (O Milladoiro) / 981 884 829 (Bertamiráns)
Servizo de Normalización Lingüística. normalizacion@concellodeames.gal T: 662 377 215
Aula da Natureza. auladanatureza@concellodeames.gal T: 660 004 665
A billeteira. abilleteira@concellodeames.gal

Programación infantil con

apego
Ames 2016



SETEMBRO

OUTUBRO

NOVEMBRO

DECEMBRO

